

Vicente Araguas: “Sentíame máis autoexiliado aquí, naquela ditadura noxenta”

Carlos Loureiro Rodríguez 29 de Abril de 2015

<https://www.noticieirogalego.com/vicente-araguas-sentiame-mais-autoexiliado-aqui-naquela-ditadura-noxenta/>

Vicente Araguas (Xuvia-Neda-Ferrol, 1950) foi un dos fundadores do grupo musical “Voces Ceibes” no ano 1968. No 1972 irase a Escocia dende onde volverá no 1974 para se radicar definitivamente en Madrid. Os seus primeiros pasos serán na lírica con obras como *Paisaxe de Glasgow* (1978), *Xuvia* (1984)... No ano 2005 publicouse a obra *Maneiras de querer* onde se recolle a súa poesía completa. A partir do 2000 comezará a publicar tamén narrativa, con obras como *Agora xa foi* (2000), *Xuvia-Neda* (2010)... Tamén serán abundas as súas traducións tanto ao galego (*As aventuras de David Balfour* -1986-; *Retrato do artista cando novo* -1994) coma ao castelán (*Galván en Saor...*).

Ano 1968... un moi novo Vicente Araguas, 68 francés, manifestacións universitarias en Santiago de Compostela, primeiras gravacións musicais, “Voces Ceibes”... que tempos aqueles, non?

Sen dúbida. Tiven a sorte de chegar a todo aquilo moi novo, moi novo. Coa afouteza dos poucos anos. Tamén co que estes teñen de “handicap”. Mais a balanza dese tempo, tan vivísimo, tende ao positivo. Coido.

Por certo, falando de “Voces Ceibes”, de aí saíron grandes cantautores galegos que ocuparon o espazo musical galego dos anos 80 e 90 (Benedicto, Miro Casabella, Suso Bahamonde, Bibiano...). Por que Vicente se inclinou máis cara á arte literaria, sen abandonar a musical, claro?

Por aí comecei, pola escrita, digo, aínda que primeiro houbera o lector compulsivo que sigo a ser. A música, en paralelo. Supoño que a carencia dunha formación musical completa, que non da inclinación, lastrou o meu futuro. O escritor autodidacta é máis doado que o músico feito a si mesmo. Diría eu.

E aquí tiveron que sufrir os derradeiros anos da ditadura franquista... Sentiu nalgún momento que era un exiliado máis cando se foi para Escocia?

Non exactamente. Sentíame máis autoexiliado aquí, naquela ditadura noxenta. Fóra, con aqueles libros-libres, aquelas películas sen censura, os xornais críticos, a atmosfera nada viciada sentíame como peixe na auga. O malo fora voltar, co franquismo agonizante (pero non o sabíamos).

E en Escocia, pasaxe da música á escrita literaria e primeiros poemas xuntos máis tarde na obra *Paisaxe de Glasgow*...

Glasgow... Unha chea de descubrimentos, humanos, literarios. Tamén que era quen de escribir poesía exenta do soporte musical.

É certo que, como vimos por algures, os seus primeiros poemas escritos naceron como letras de cancións para se decatarse de que eran poesía pura e dura? Até que punto a aprendizaxe musical vai ser unha ferramenta fundamental para a súa elaboración poética?

Xustamente. A noite aquela no “pub” The Rock, á beira dunha xerra de cervexa, a mirarme no espello do que ía ser letra de canción e acabou sendo poema. ¿Por que? Porque me decatara de que aquilo, o que sería o poema X, de *Paisaxe de Glasgow*, lido en voz alta, tiña un sentido. É dicir que era máis que unha letra de canción. Que non duraba dous ou tres minutos, que se podía espallar moito máis no tempo. (O que non quita que ese poema tivese tamén música: terei de gravalo algún día, no caixón fica).

Achamos nesta primeira obra (*Paisaxe de Glasgow*) poesía comprometida, social... Era unha conciencia ou máis ben como unha vinganza polas circunstancias que se estaban a dar por aquí?

Hai de todo nese libro. Poesía política, sen dúbida, mais tamén temas de amor, para os vixiantes da moral de esquerdas pecado nefando. ¡Que pouco entenderan ao Octavio Paz de “Amar es combatir”! ¡Que pouco!

Voltar a España, pero a Madrid... Puido ser esta circunstancia tan transcendental en Vicente Araguas por mor de se sentir alí máis seguro ou foron outras as causas?

Primeiro pasei por Santiago. Un curso enteiro no “Colexio La Salle”. Un curso, diría eu, prescindible. Que me serviu para entender que ás veces é mellor non voltar onde foras moi feliz noutras circunstancias: de Santiago, falo, non de “La Salle”, colexio do que non podo falar sen sentir un arreguizo. E logo vin a Madrid. Por amor. Esa cousa que sempre me ten movido. Son un romántico empedernido.

Hai poucas datas o entrevistado nestas páxinas era Manuel Pereira Valcárcel, un autor cunha traxectoria moi paralela á de Vicente Araguas... e preguntábaslle verbo da creación do “Grupo poético Bilbao”, do que vostede foi un dos fundadores... Que nos podería contar dese tan importante grupo da nosa diáspora literaria?

¿“Bilbao”? Grupo, agrupación, tertulia ou parrandada. Son o pai da denominación de orixe (o fundador, en puridade, Xavier Frías). Direille que cumpre un papel de vencello de galegos variopintos, escritores ou non, en Madrid. Con certas afinidades, tampouco moitas, senón as que veñen subliñadas por afectos comúns e a necesidade, tan humana, da agrupamento tribal. Algo así.

E a vida evoluciona e a nosa poesía, por sorte, tamén... e xa nos anos 90 a poesía de Vicente Araguas vai amosar unha moi clara evolución, non só a nivel temático senón que tamén a nivel formal-estético... e incluso a algunhas figuras literarias ocupar un espazo que antes non tiñan na súa poesía... e estamos a nos referir especialmente a unha obra súa titulada *O gato branco*...

Aí discrepo. *Paisaxe de Glasgow* xa presentaba esa vontade formal que a poesía social, daquela vixente, non tiña. Distinto que fose evoluíndo ata ese outeiro, se cadra, presente en *O gato branco*. Mais logo virían outros libros como *Río matinal*, *Vintecatro maneiras de querer a Brian* ou *Cando fóramos nevar*, tan importantes como “O gato”. Tan esquecidos como a chuvia no mar. Paréceme.

E xa no presente século a obra poética de Vicente Araguas vai acadar unha madurez total... e incluso vemos como a insigne editorial de Miguel Anxo Fernán-Vello vai publicar a súa obra completa, so o título de *Maneiras de querer*... un recoñecemento a unha poética intersecular onde se pode ver unha evolución natural e de madurez...

Miguel Anxo, á parte do mellor poeta galego vivo, é un editor arriscado e xeneroso. Sempre lle agradecerei a súa liberalidade para comigo. En 2005 publicara a miña poesía enteira deica entón. Débeda eterna.

Tamén vemos como neste século aparecerá o bautizo literario, cando menos a nivel de publicación, de Vicente Araguas como narrador, un Vicente Araguas admirador dun dos nosos mellores narradores chamado Carlos Casares... aínda que aquí as linguas galega e castelá case comparten espazo... E por que esta narrativa serodía?

¿Serodía? Non tal. *Voces Ceibes*, entre do ensaio e a narrativa é de 1991. *A canción do verán* escribina o ano seguinte. Tardara en publicarse pero iso porque o mundo editorial galego é serodio se non reseso. ¡Eu non fun, eu non fun!

E claro, non podían faltar aquelas referencias a aqueles anos tan significativos como son os do final da ditadura, e estamos a nos referir á obra *A canción do verán*...

Non, non, *A canción do verán* transcorre no estío de 1990. O 21 de agosto. O día no que soterraran ao libreiro Fernando Arenas. Ese libro tivo certa fortuna editorial. Primeira edición, a de “*Ir Indo*”. Logo, a popular, de “*La Voz de Galicia*” (sesenta mil exemplares, a euro a copia, mercando o xornal). ¡Nunca tantos lectores tivera!

Algo que xamais se bota en falta na obra de Vicente Araguas é o compromiso coa sociedade, co pobo... Pode un poeta ou un narrador coma vostede, marcado por circunstancias moi significativas, ser alleo nos seus versos, nos seus relatos ao compromiso social?

Pode, claro, e na literatura universal hai unha chea de casos de xente descomprometida e grandísimos escritores. Tamén o caso inverso. Con todo eu sigo a Antonio Machado: “palabra en el tiempo”. Eis do que se trata.

Hai algo que sempre honrará unha persoa: respectar onde pace pero xamais renegar de onde nace, e Xuvia (Neda) é un espazo que non só está na persoa senón que tamén na súa obra literaria, ou non?

Naturalmente. Xuvia-Neda é un espazo presente en varios dos meus libros. Vai seguir a estalo. Sen medo á acusación de localismos. (Joyce sen Dublín sería outra cousa. Eu, sen Xuvia-Neda, tamén).

Para os que estamos a convivir decotío coa nosa literatura, coa nosa lingua, é realmente moi significativo achármonos con persoas coma vostede (coma Manuel Pereira, Manuel Álvarez Fuentes...) que manteñen un compromiso roxo coa nosa lingua e coa nosa literatura fóra de aquí... Que dicirlles a moitos escritores e moitas escritoras galegos/-as que se deron a coñecer na nosa lingua e hoxe empregan maioritariamente a castelá?

Dirixírame máis ben aos editores con anteolleiras, aos profesores que recomendan os libros dos amiguiños, aos escritores seitaros, aos partidos políticos que soamente se ocupan dos conmlitóns que escriben, dos que desprezan aos que fóra de Galicia levan/ levamos a bandeira lingüística e literaria, para que mudasen de actitude. Por aí, entendo, ese liscar de xente que sabe o que se ten entre mans. (Igual é que aqueles aos que me dirixo, desfrutan co que está acontecendo, non sei).

Tamén temos que dicir que cómpre salientar nas súas obras unha fonda retranca, unha retranca de noso, algo que fará moito máis atractiva a lectura e por outra banda moito máis aceda...

Esa retranca da que fala... Lévoa dentro, supoño, e por aí sae. Mais –procuro- con elegancia. Que é a que separa a retranca (a ironía) do sarcasmo. Así e todo fago por non ferir, o único que hai moito susceptible ceibo, xa se sabe.

Dicianos antes que “son un romántico empedernido” e o tema do amor -incluso o erotismo-... ese tema si que vai ser algo moi destacábel, especialmente na súa lírica... unha lírica que non ía ser allea ao intimismo...

Pois claro que non. O amor, xa o dixeran, é un motor esencial para todos, escritores ou non. Así que non invento nada (“*O peso do mundo é o amor*”, dixo Allen Ginsberg, e dixo ben). O outro tema é a morte, e por certo que se me dan moi ben as elexías igualmente. Imos por aí, pois.

E tampouco debemos esquecer o seu labor de tradución, ao galego e ao castelán, incluso de algunha obra galega (*Galván en Saor...* Celso Emilio Ferreiro). Que obxectivo procura ao se mergullar nunha tradución? E dentro das traducións, chama a atención a moita tradución de obras poéticas... Até que punto traducir poesía é moi diferente e moito máis difícil ca traducir narrativa ou teatro?

A fidelidade ao autor, basicamente. O que se consegue sendo fiel aos dous idiomas, o de partida, e o de chegada. Unhas pingas de creatividade tampouco veñen mal. Sobre todo en poesía. Esta ás veces consente, mesmo, a reelaboración “ma non troppo”.

Grazas, amigo Vicente, por seguir a facer patria alén as nosas fronteiras e a levar como bandeira o noso idioma, a nosa literatura... a nosa cultura, nunha palabra.

Graciñas a vostede, por me permitir expor estas opinións non sei se moi ortodoxas mais tan cordiais como as súas preguntas. Unha aperta tensa.